

Presentación do manual

Este manual é o resultado dun traballo na aula sorprendente e gratificador que perseguiu o obxectivo principal de que o alumnado entendese mellor o mundo económico no que vive a través dunha serie de traballos en equipo no que cada quen foi capaz de aportar, fóra dun marco competitivo, o que mellor sabía facer. Neste sentido o reto para nós estará en conseguir grupos de traballo que funcionen e o reto do noso alumnado será o de sentir curiosidade por aprender a construír o seu propio discurso.

Para elo, utilizaremos una metodoloxía na que as actividades de corte tradicional, baseadas en exercicios en parella, terán como obxectivo a adquisición de ferramentas que permitan a posterior realización de actividades de corte máis aberto e reflexivo en equipo, permitindo o desenvolvemento da competencia comunicativa ao facer que as exposicións orais ocupen un lugar central. Este enfoque esixe unha avaliación que, ademais dos contidos, poda medir todos os niveis implicados no proceso de construción de coñecemento, polo que aspectos como exposición oral, traballo dentro do equipo ou actitude (traballo individual, atención e participación) convértense en protagonistas.

En canto ao noso marco de referencia, este caderno abandona a ollada da economía tradicional, antropocentrista e baseada en valores pecuniarios, para mergullarse noutros enfoques, ecolóxicos ou medioambientais, que entenden o proceso económico como un proceso subsidiario e inseparable do ecosistema Terra.

Por último, sinalar que para o coñecemento do mundo económico capitalista é fundamental a variable tempo, polo que para esta parte da viaxe se recomenda unha estreita colaboración co departamento de historia. O departamento de bioloxía, pola súa parte, axudaranos a unha mellor comprensión de todas as cuestións relacionadas co medioambiente, en especial os fluxos de enerxía e materiais.

Índice

Caderno 1	O estudo da Economía hoxe
BLOQUE 1: O mundo que habitamos	1.1. Principais indicadores socioeconómicos e socioambientais dunha vida habitable 1.2. Principais indicadores estritamente económicos, vinculados á produción e ao valor monetario 1.3. Indicadores ambientais para avaliar o estado dos ecosistemas 1.4. Indicadores globais
BLOQUE 2: O sistema económico capitalista	2.1. As rutas comerciais e os intercambios materiais 2.2. dende a aparición da fábrica ate a era das multinacionais 2.3 as fontes de enerxía antes e despois da Revolución industrial 2.4 Da hexemonía europea ao policentrismo
BLOQUE 3: Distintos enfoques da economía	3.1. A economía como ciencia da produción. Enfoque clásico. 3.2. A economía como ciencia da natureza. Mais aló do marco monetario 3.3. As funcións económicas do Medio Ambiente 3.4. Os tres pisos da economía

CADERNO 1

O estudo da economía hoxe

BLOQUE 1: O MUNDO QUE HABITAMOS

Índice	
1.1. Principais indicadores socioeconómicos e socioambientais dunha vida habitable	1.1.1. Auga para beber 1.1.2. Alimentos para comer 1.1.3. Saneamento para os nosos residuos 1.1.4. Saúde para medrar 1.1.5. Vivenda para acubillarnos 1.1.6. Educación ¿para que?
1.2. Principais indicadores económicos	1.2.1. PIB 1.2.2. Emprego 1.2.3. Renda 1.2.4. Salarios e prezos 1.2.5. Economía sumerxida 1.2.6. Outros indicadores económicos
1.3 indicadores ecolóxicos ou medioambientais	1.3.1. O medioambiente, soporte da vida 1.3.2. A pegada ecolóxica 1.3.3. A pegada de carbono 1.3.4. outros indicadores medioambientais: a biodiversidade (número de especies vivas)
1.4. Indicadores globais	1.4.1. IDH (Índice de Desenvolvemento humano) 1.4.2. GII (Índice de Desigualdade de Xénero) 1.4.3. Os valores cuantitativos e cualitativos. Algúns exemplos

Neste **Bloque 1** imos comezar o estudio da Economía medindo:

a) **O ESTADO SOCIO-ECONÓMICO DOS HABITANTES DO PLANETA.** Os indicadores socioeconómicos falan das persoas e das súas necesidades básicas de supervivencia. Ata o comezo da crise actual, os indicadores sociais dividían o mundo nun **NORTE** desenvolvido, coas necesidades básicas máis ou menos cubertas, fronte a un **SUR** con serias alertas de fame, enfermidades e carencias elementais. Actualmente asistimos a unha expansión desta mesma precariedade extrema nas metrópolis tanto do Sur como do Norte

b) **OS ASPECTOS MAIS PURAMENTE ECONÓMICOS** do mundo. Os indicadores económicos céntranse na riqueza monetaria. Para elo mídense aspectos tales coma o emprego, a produción e a renda, o comercio e os prezos que amosan a un grupo de **PAÍSES** ata agora catalogados como **RICOS** e na actualidade estancados no seu crecemento ou en recesión, fronte aos **POBRES** totalmente desesperanzados e os países **EMERXENTES** que despegan nas últimas décadas.

c) **O ESTADO DO ENVIROMENT** ou medio ambiente que desde a década dos setenta amosa síntomas de sobrepasamento (overshoot). Indicadores tales como a pegada ecolóxica, a perda de terreo produtivo e de biodiversidade, o avance da desertización e o cambio climático amosan unha alarmante degradación de insustituíbles bens comúns que son patrimonio da humanidade e sustento da vida.

Obxectivos:

- ✓ Familiarizarnos con termos económicos que están a cotío nos informativos e na prensa.
- ✓ Reflexionar acerca das condicións de desigualdade nas que vive a humanidade.
- ✓ Asentar instrumentos matemáticos necesarios para a análise económica.
- ✓ Achegarnos a un concepto amplo de crise (alimentaria, enerxética, económica, ecolóxica, de valores...) que padece a economía mundial.
- ✓ Introducirnos na metodoloxía de investigación de datos e imaxes na rede.
- ✓ Aprender a interpretar e a construír gráficas temporais, circulares e de barras.



**BLOQUE 1
O MUNDO QUE
HABITAMOS**

**GLOSARIO
DE
CONTIDOS**



INDICADOR

Un indicador é un dato VARIABLE que nos informa sobre aquilo que queremos medir.

Este indicador pode:

- **Vir expresado en números absolutos ou relativos:**

Exemplo número absoluto: na nosa clase somos 30.

Exemplo número relativo: representamos o 25% do total do alumnado de 1º Bacharelato ou o que é o mesmo, un de cada catro alumnos de 1º está na nosa clase.

- **Vir expresado en unidades físicas ou monetarias:**

Exemplo: consumo 2700 Quilocalorías (unidade física) diarias que custan 4 euros (unidade monetaria).

- **Ser unha media aritmética simple ou ponderada:**

Exemplo media simple: a nota media de Ana López en 4º ESO foi 6,5.

Exemplo de media ponderada: Este ano sacará na primeira avaliación de economía: exame 4, traballos 9, comportamento 8. Se o exame vale un 30% do total da nota, os traballos un 60% e o comportamento un 10% a media ponderada será 7,4.

- **Ser unha mediana ou valor que divide unha poboación en dúas partes iguais:**

Exemplo: se ordenamos toda a nosa clase por estatura alguén vai ocupar un lugar no que media clase é máis baixa e a outra media é máis alta. Entón diremos que a súa estatura, sexa cal sexa, marca a mediana.

- **Ser unha taxa de variación porcentual**, é dicir, pode reflectir a variación dun dato dun ano para outro en termos porcentuais.

Exemplo: a causa da crise a miña paga semanal diminuíu nun 5% en relación ao ano pasado.

- **Ser números índices**, que son medias simples ou ponderadas que se refiren sempre a un ano que se toma como base e se iguala a 100.

Exemplo: se o índice de prezos de Galicia se calculase en función do prezo dunha barra de pan (ano base 2011 = 100)

GALICIA	2011	2012	2013
Prezo do pan	0,75€	0,80€	0,90€
Índice de Prezos	100	106,67	120

- **Ser expresados en prezos correntes**, os de cada momento, ou **prezos constantes**, ou prezos referidos a un momento anterior.

Exemplo: A miña paga semanal

	2011	2012	2013
Paga corrente	2€	3€	3€
Índice de Prezos	100	106,67	120
Paga constante	2€	2,81€	2,5€


É dicir, 3€ no 2012 equivalen a 2,81€ do 2011 e 3€ do 2013 a 2,5€. Isto significa que perdín poder adquisitivo.

Habitualmente **os indicadores preséntanse en** táboas, mapas mundi ou **gráficas**. Os **PRINCIPAIS TIPOS DE GRÁFICA** que utilizaremos neste curso son: temporal, barras, circular e escolleremos unha ou outra dependendo do que queremos destacar: a evolución no tempo expresarase mellor mediante unha gráfica **temporal** (o tempo sempre vai na variable x), se quero amosar as partes en relación a un todo utilizarei unha **circular ou sectorial** e para comparativas as mellores son as gráficas de **barras horizontais ou verticais**.

Exemplo: Completa os datos e debuxa as seguintes táboas


Temporal (traza unha liña unindo os puntos para ver a súa evolución no tempo)

A miña paga en:




Circular

Actualmente en que gasto a miña paga (divide o círculo -360º- coma se fose un pastel para amosar visualmente en que actividades gasto máis ou menos)



Barras

A miña paga en comparación á doutra persoa do meu entorno familiar (debuxa unha barra xunta outra para que se poda apreciar cal é máis alta e máis baixa dunha ollada)



Dixemos que un indicador é un dato variable que nos informa sobre aquilo que queremos medir.



Un dos indicadores sociais mais importantes é a taxa de mortalidade infantil que nos informa de cantos nenos morren por cada mil nados antes de cumprir os cinco anos.

A súa diminución é sinal dun bo nivel de desenvolvemento.



Un dos principais indicadores da riqueza monetaria dun país é O Produto Interior Bruto (PIB), que recolle o conxunto de bens e servizos producidos no interior dun país durante un ano.

É unha medida monetaria, pois para unificar o valor de toda a produción recórrese aos cartos. O seu crecemento na economía clásica é sinal de boa saúde económica.



O **indicador medioambiental** mais **completo** é a **pegada ecolóxica** pois **intenta traducir todas as magnitudes ecolóxicas a cantidades de terreo necesarias para manter un determinado nivel de vida.**

Trátase de calcular as hectáreas necesarias para producir os recursos materiais, alimenticios, hídricos e enerxéticos que consume unha persoa media nun país e nun ano e os residuos que xera. Mide o consumo de alimentos, aloxamento, transporte, bens de consumo, servizos e consumo enerxético. As cantidades totais de ENERXÍA e MATERIAS usadas durante o ciclo da mercancía para manufacturala, transportala e desbotala.



Os **recursos** son aqueles elementos que nos van axudar, directa ou indirectamente, a satisfacer as necesidades básicas.

Por exemplo, para cubrir a nosa **necesidade básica de alimentos** precisamos **recursos naturais** (sementes, auga, terra...), **recursos humanos** (o agricultor) e **recursos materiais** (arado, tractor...)

Os recursos naturais, coma o seu nome indica, proceden da Natureza e son: os bosques, o auga, os seres vivos, as sementes, os abonos orgánicos, os froitos, a madeira, os peixes e moluscos..... é dicir, o resultado dos procesos biolóxicos, físicos e químicos que sucederon ou suceden no planeta Terra, incluíndo a **enerxía** e a **materia**.

A **enerxía** pode ser **renovable** ou **non renovable** e é imprescindible en todo proceso de transformación ou actividade económica. A forza humana e animal, a enerxía solar, os muíños de vento ou de auga, o carbón, o petróleo, o

gas natural, o uranio ou o hidróxeno son fontes enerxéticas vinculadas a sistemas naturais. A **materia** se recicla dentro do planeta e a **enerxía** ten un fluxo unidireccional, o que quere dicir que unha vez usada non pode volver a utilizarse.

Nos estudos económicos, chámase **FACTOR TERRA** ás **materias primas** que se transformarán en bens ou servizos finais e á **enerxía** necesaria para realizar este proceso.

Os recursos humanos son, en sentido amplo, toda a poboación dunha comunidade.

En termos económicos chámase **FACTOR TRABALLO** á **poboación activa**, aquela que tendo máis de 16 anos ten idade legal para traballar. En caso de que efectivamente traballe será **poboación ocupada** e se non **poboación parada**. As taxas de activos e ocupados fanse en relación aos maiores de 16 anos, as taxas de paro en función dos activos

$$\text{POBOACIÓN MAIOR DE 16 ANOS} = \begin{array}{c} \text{ACTIVA} \\ \left\{ \begin{array}{l} \text{OCUPADA} \\ \text{PARADA} \end{array} \right. \end{array} + \text{INACTIVA}$$

Paradójicamente, nesta clasificación as amas de casa son consideradas como “inactivas”.

Os recursos materiais son os que previamente foron elaborados polo ser humano. Algúns traballos refírense a eles como TECNOSFERA facendo referencia a todo aquilo creado polo ser humano que se interpón entre a Natureza e o propio ser humano.

En termos económicos é o que se entende por **FACTOR CAPITAL**: edificios, máquinas, instrumentos de traballo, equipos informáticos... Tamén todas as infraestruturas son bens de factor capital: aeroportos, portos, pontes, estradas, redes, canalizacións....



Un sistema é un todo formado por partes interrelacionadas entre si, cada unha das cales cumpre unha función. Ao alterar unha destas partes altérase todo o sistema.

Unha **posible clasificación dos sistemas** sería esta:

- **Naturais:** inanimados, abióticos como a Atmosfera ou capa gasosa, a hidrosfera ou capa fluída líquida e a xeosfera ou capa sólida.
- **Bióticos ou biosfera,** conxunto de seres vivos que viven na vida atmosférica, acuífera, ou terrestre
- **Antrópicos ou humanos:** xerados polo ser humano: tecnosfera (instrumentos), sociosfera e noosfera ou conxunto de coñecementos que gobernan as relacións ser humano-natureza.

Todos eles evolucionan interferíndose mutuamente e constitúen o sistema global Terra



Chámaselle residuos a todos os restos xerados polas actividades dos sistemas.

O ser humano é o único ser do planeta capaz de producir “cousas” que non poden ser reabsorbidas pola natureza.

Todos os residuos producen impactos ambientais.

Os impactos ambientais (chuvias ácidas, mareas negras, emisións atmosféricas, residuos radioactivos, etc.) son o resultado da actividade económica e teñen unha dimensión planetaria, xa que alteran todos os ciclos naturais e superan todas as barreiras locais.

As actividades económicas extraen recursos naturais (materias primas + enerxía) do medio ambiente para consumo directo das persoas ou para a súa transformación e posterior distribución, e ao facelo xeran residuos que volven ao medio natural.



O Banco Mundial establece **catro tipos de capital:**

O **capital asociado aos bens de produción**, que é o que tradicionalmente se tivo sempre en conta estudos económicos e que acabamos de definir nos recursos materiais.

O **capital natural** constituído polos aspectos ambientais e considerado dentro da economía de recursos naturais. En termos económicos chámase **bens fondo ou stocks**.

O **capital social**, que está conformado polas bases institucionais e culturais necesarias para que una sociedade funcione adecuadamente.

E o **capital humano**, concebido como a inversión que se fai nas persoas mediante a educación e os programas de saúde. Inclúe o coñecemento acumulado, a investigación e os inventos. Moitas veces identifícase co I+i+d que significa investigación, innovación e desenvolvemento.

A **produtividade** é a relación entre o producido e o consumido na produción. Dito doutro xeito, a produtividade é a relación entre a cantidade producida e a contía dos recursos que se utilizaron para a súa produción. O problema xurde cando na produtividade non se avalían os costes ambientais, por exemplo a contaminación dun río no que vertemos os residuos da nosa fábrica.

Por outra banda, a **tecnoloxía é o resultado da investigación e o desenvolvemento**. Cada momento histórico aporta novos descubrimentos e cambios que incidirán no valor dos recursos. Un invento pode dar ao traste cun material que ate ese momento parecía imprescindible. Por exemplo, xa en plena era do capitalismo, cando os contedores de plástico substituíron ás cestas que se usaban en alta mar para almacenar os peixes capturados os vimbios deixaban de ter valor e as persoas que se dedicaban á cestería quedaban sen traballo. A industria petroquímica vivía o seu apoxeo e o plástico parecía máis hixiénico, máis fácil de apilar e ¡máis barato! Nesta valoración económica, por suposto, non se tivo en conta o custo medioambiental da substitución.



Os bens ou servizos producidos son todas as cousas materiais (bens) ou inmateriais (servizos) aptas para satisfacer as necesidades ou desexos do ser humano.

Os bens materiais poden ser de CONSUMO, que son todos aqueles bens que demandan as familias a excepción da vivenda ou de INVERSIÓN, que demandan as empresas.

Exemplos de bens de consumo son roupa, calzado, teléfono móbil, automóvil, ordenador...

Exemplos de bens de inversión son maquinaria, naves industriais, instalacións de infraestrutura, ferramentas, ordenadores...



Os common goods ou bens comúns son os bens naturais que pertencen a unha colectividade: montes, fontes, bosques...

Este concepto evoluciona ao longo da historia con múltiples acepcións. Coñécese como traxedia dos comúns en Inglaterra cando se cercaron os pastos comunais e milleiros de persoas campesiñas, empobrecidas, víronse obrigadas a emigrar en busca de traballo.



O terceiro sector ou economía social recolle as actividades económicas que perseguen servir aos intereses xerais xestionando os bens que pertencen á comunidade (common goods).

No polo oposto da economía social está a especulación ou actividade económica que únicamente persegue o comercio lucrativo.

Mentres a economía social actúa tendo en conta as consecuencias a longo prazo, a economía especulativa só contempla o beneficio inmediato.



Os ingresos ou rendas son cantidades de diñeiro que se perciben cada certo tempo (semanal, mensual, anual...).

En xeral, os ingresos familiares poden vir de tres fontes: do traballo, da propiedade ou do Estado mediante transferencias.

As rendas do traballo poden ser de dous tipos:

- Os salarios, soldos, xornal etc. que cobramos cando **traballamos por conta allea**, xa sexa para unha entidade pública ou privada: profesorado, electricistas, auxiliares...
- As rendas de traballos **profesionais** e **autónomos**: os ingresos das profesións liberais como avogacía, arquitectura... Tamén as rendas que obtemos do noso traballo no agro cando é por conta propia.

As rendas da propiedade son as que percibimos sacándolle partido a algún ben que xa temos. As máis habituais son:

- **Alugueiros** ou ingresos obtidos polo arrendamento dun local ou dunha vivenda.
- **Rendas agrarias** derivadas do arrendamento de terras.
- **Dividendos** ou beneficios obtidos pola posesión de accións dunha sociedade.
- Xuros ou **intereses**, obtidos por prestar cartos ou deixalos nunha conta.
- **Royalties** ou regalías, procedentes da propiedade intelectual.

As transferencias do Estado como as pensións de xubilación ou o Seguro de desemprego.



O limiar de pobreza é a cantidade de diñeiro que como termino medio se estima imprescindible para vivir dignamente cada día.

Ten que ver co *nivel medio de ingresos* que recibe unha familia, o que quere dicir que o umbral de pobreza non será igual en España que en Suecia ou Nova Delhi. En España determínanos o INE a partir da enquisa sobre as condicións de vida.

A **taxa de risco de pobreza** é a porcentaxe de persoas que está por debaixo do umbral de pobreza.



O poder adquisitivo é a diferenza entre o que aumentan os salarios e o que aumentan os prezos.

Por exemplo, se a nosa paga aumentou un 20% pero os prezos aumentaron un 30% a nosa capacidade de compra diminuí un 10% , é dicir, este ano temos un 10% menos de poder adquisitivo que o ano anterior.

Para calcular a subida dos prezos o INE calcula o **Indice De Prezos Ao Consumo (IPC)**. O IPC proporciona información sobre as variacións dos prezos, a través do control dunha serie de bens e servizos considerados de primeira necesidade.



A macroeconomía ou economía real é a parte da economía que ten por obxecto o estudo e evolución das grandes sumas das variables económicas dun país, tales como: a renda, o emprego, a produción...



O **Gasto Público** son os cartos que o Estado destina a:

- proporcionar **servizos sociais necesarios como sanidade, educación, vivenda, pensións...**
- **construír redes de transportes (liñas ferroviarias, estradas...)**
- **investigación**
- **etc.**

Estas son partidas máis importantes do Gasto Público e o Estado recada os cartos necesarios para realizalas sobre todo a través dos impostos e das taxas que pagamos toda a cidadanía.

Cando queremos coñecer o grao de protección que temos en determinados campos, como educación ou sanidade, é común que apareza este indicador. Canto máis alto sexa o gasto público nese ámbito concreto maior será a protección coa que contamos.



A **balanza comercial** é o documento contable que recolle as operacións de exportacións e importacións de bens e servizos dun país. Se as exportacións superan as importacións teremos *superávit* e senón *déficit*.



As **transnacionais** ou **Corporacións Multinacionais** empresas xigantes que producen a gran escala e teñen unha casa matriz e sucursais en moitos países para abaratar os custos de produción e distribución.




A **produtividade** é un xeito de poñer en relación o que se produce co que custou facelo en tempo, enerxía e materiais. É dicir, é o cociente entre o resultado final da produción e o que nos custou produci-la.



A **economía financeira** é a parte da economía que se encarga do estudo da creación de diñeiro por parte de institucións como a banca e a bolsa.

Os **PILARES** da economía financeira son:

- a) Os **depósitos bancarios** son os cartos que se depositan nos bancos e polos que a Banca nos paga un tipo de interese.
- b) O **rédito ou tipo de interese** é o prezo do diñeiro. Ven expresado en tanto por cen.





**BLOQUE 1
O MUNDO QUE
HABITAMOS**

ACTIVIDADE

S

1.1. Principais indicadores socioeconómicos e socioambientais dunha vida habitable

Os recursos que utilizamos (naturais, materias e humanos) e os resultados que obtemos ao facelo infórmannos da cobertura das necesidades básicas dunha poboación. A continuación tes unha **táboa de indicadores** (Vidal Villa) que se manexan de xeito máis habitual

NECESIDADES	RECURSOS	RESULTADOS
Saúde	<ul style="list-style-type: none"> - Habitantes por persoal médico - Camas hospitalarias por habitante - Consumo de medicinas 	<ul style="list-style-type: none"> - Esperanza de vida - Taxa de mortalidade
Alimentación	<ul style="list-style-type: none"> - Oferta de alimentos - Terra fértil/total 	<ul style="list-style-type: none"> - Consumo de calorías, vitaminas e minerais per cápita
Abastecemento de auga	<ul style="list-style-type: none"> - Lonxitude de condución da auga - Nº vivendas con auga potable - Potabilidade mananciais 	<ul style="list-style-type: none"> - Taxa de mortalidade infantil
Saneamento	<ul style="list-style-type: none"> - Lonxitude de rede de esgotos - Dotación de servizos hixiénicos 	<ul style="list-style-type: none"> - Taxa de mortalidade infantil - Porcentaxe poboación con servizos sanitarios
Vivenda	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de vivendas en aluguer ou propiedade - Taxa de urbanización 	<ul style="list-style-type: none"> - Tamaño medio da familia - Número de fillos/as
Ensino	<ul style="list-style-type: none"> - Alumnos/as por mestre/a - Nº de escolas - Ensino superior 	<ul style="list-style-type: none"> - Alumnado ensino primario - Alfabetización - Titulados/as universitarios/as



a) Visiona este documento, “The miniature earth” (3’28”)

www.youtube.com/watch?v=4C-u6kdHuXE

Pese á desaparición da súa autora, o Sustainability Institute continuou traballando nos seus proxectos e ideas e, a través da DONELLA’S FOUNDATION, realizou a primeira versión do innovador proxecto “The Miniature Earth”, de apenas 7 minutos de duración, en 2001.

Actualmente, “The miniature Earth” xa foi visto por máis de 5 millóns de persoas de todo o mundo, ten links en máis de 20.000 webs e blogs e desde a web da súa fundación están a pórse en marcha varios proxectos on fins solidarias, como a venda de camisetas.



A última versión realizouse no 2010 e actualizáronse as estatísticas en base a publicacións especializadas, aínda que hai que ter en conta que poden ocorrer cambios dun mes para outro, ou dun ano para outro, polo que **hai que velo como unha tendencia, máis que como datos exactos.**

Para saber máis sobre o proxecto e a Fundación

<http://www.miniature-earth.com/index.html>



b.1) Actualiza os datos que poidas a partir da información da páxina web da fundación

b.2) Para medir a SAÚDE o Banco Mundial utiliza os indicadores de: auga potable, baixo peso ao nacer, calorías, enfermeiros, esperanza de vida, nais que amamantan, malnutrición en nenos menores de 5 anos, mortalidade lactantes, mortalidade materna, médicos e partos atendidos. Visita a páxina do Banco mundial www.datos.bancomundial.org e analiza o tema de XÉNERO escollendo cinco indicadores da lista de *indicadores destacados*. Fíxate en que calquera indicador sirve para comparar e polo tanto é sempre numérico.

b.3) Investiga en cantos dólares ao día fixa actualmente o Banco Mundial a cantidade necesaria para non estar por debaixo do umbral de pobreza. E para non estar por debaixo da pobreza extrema?

1.1.1 Auga para beber



a) Le este texto e esquematiza as ideas centrais

AUGA E SAL, resumen das conferencias do biofísico alemán Peter Ferreira preparado por Marion Kuprat

Estas dúas palabras esenciais da vida experimentaron nos últimos cen anos unha desnaturalización tal, que seguramente se podería buscar aquí a maioría das causas de saúde e enfermidade.

Se bebemos auga viva, tráenos a vida. Pero se bebemos auga morta, pódenos traer a morte.

Poucas persoas saben que na agricultura actual xa se están a empregar mais de 300 pesticidas e funxicidas diferentes, dos que 280 son canceríxenos, aparte de nitratos, que están a cargar a nosa auga corrente de forma cada vez mais duradeira. Ata o ano 1992 a lei (en Alemaña) esixía que se medisen 63 destes produtos. Só 63 de 300, sabendo perfectamente o efecto tan canceríxeno destes. En 1992 cambiaron a lei e agora xa non son 63 senón tan só 18 os que hai que medir...

O 70% do noso corpo non vive de auga quimicamente limpa, senón da auga biolóxica de alta calidade. Esta subminístralle informacións vitais ao noso organismo, sen as cales, aparentemente non podemos vivir con boa saúde.

Ata agora falamos do noso alimento número un, a auga. Concentrémonos agora no alimento numero dous, o sal... desde sempre foi o sal o "ouro branco". Fará soamente uns cen anos que se converteu no "veneno branco". Os alquimistas denominábano o quinto elemento. As Cruzadas non só se levaron a cabo para liberar a Xerusalén dos infieis. Tamén tiveron lugar por asegurar os dereitos no Mar Negro, aínda cando os libros de historia actuais non nos contan nada disto. E os soldados romanos preferían ser pagados en "ouro branco" que en "ouro verdadeiro". Porque seguramente poderían chegar a ser ricos, pero tivesen perecido por non ter o sal necesario.

...o sal contén 84 elementos. O que nós almacenamos no armario da nosa cociña é lamentablemente só a versión reducida: cloruro sódico. Na natureza non existe desta forma. Aínda que o cloruro sódico é o compoñente principal do sal, non deixan de ser só 2 dos 84 elementos do sal.

...incluso os animais lamben con instinto seguro o sal de rocha... a vida empezou no mar... e o líquido amniótico é unha solución salina perfecta con 37º de temperatura.

O 93% da produción de sal mundial vai á industria para a transformación de determinados procesos industriais. Sen o sal industrial non teríamos por exemplo nin aceite mineral, nin plástico, nin tampouco plastificantes.

Polo tanto, o noso sal fino é un produto residual. Outra porcentaxe pequena úsase como conservantes en alimentos e o resto, un 0,3% entra como cloruro sódico puro nas nosas cociñas. Os nosos riles son capaces de expulsar aproximadamente de 5 a 7 gramos de cloruro sódico. Pero nós xa comemos de 12 a 20 gramos deste veneno tan só debido á industrialización dos nosos alimentos. Ata no iogur podemos encontrar cloruro sódico como conservante.



b) Agora, coa axuda de Internet nos seguintes enderezos Web:

<http://hdr.undp.org/es/informes/>

<http://www.manosunidas.org/campana/campana-2012>

[http:// habitat.aq.upm.es/boletin/n34/arcor.html](http://habitat.aq.upm.es/boletin/n34/arcor.html)


<http://www.ine.es/revistas/cifraine/0108/pdf>

b.1) Busca un gráfico sobre a distribución global da auga e comenta a escaseza o abundancia do recurso.

b.2) EVOLUCIÓN DO ACCESO AO AUGA POTABLE NO MUNDO

- Interpreta este gráfico

Porcentaje de población que dispone de agua potable, 1990, 2000 y 2006



- Un informe de ecologistas en acción revela que entre 1996 e o ano 2005 os recursos hídricos en España reducíronse un 15% con respecto aos que houbo nos 45 anos anteriores. Busca algunha información que confirme ou contradiga este dato (Pista: a sequía en España)

b.3) CONSUMO ACTUAL DE AUGA

- Cantos millóns de persoas na actualidade teñen acceso a auga potable de fontes seguras? Cantos millóns a consumen sen un saneamento adecuado? Que porcentaxe da poboación mundial representan?
- A nivel global, millóns de toneladas de residuos humanos e moitos mais de augas fecais vértense directamente aos ríos, fontes inesgotables de virus e bacterias que acaban causando enfermidades mortais. A poboación infantil é a máis vulnerable. Cada semana morren miles e miles de persoas por consumir auga contaminada. Localiza un mapamundi sobre taxas de mortalidade infantil e relaciónao coas rexións onde o acceso a auga potable é menor.
- Para obter un quilo de arroz precisamos 3.500 litros de auga, para un quilo de tenreira 15.000 l. Indaga cantos litros de auga se necesitan para producir:
 - unha mazá
 - un quilo de millo
 - un pantalón vaqueiro
 - un quilo de carne de vacún industrial
- Representa graficamente a porcentaxe de auga que mundialmente se destina a:
 - Uso agrícola 75%
 - Uso doméstico 12%
 - Uso industrial 10%
 - Servizos 3%
 (Fonte dos datos INE 2005)



c) Le o siguiente texto

Aylito Binayo y el tesoro del agua, National Geographic, abril 2010.

Aylito Binayo, cuando era una niña de ocho años, abandonó la escuela de su pequeña aldea de Foro en el sur de Etiopía. ¿La razón? Debía ayudarle a su madre a recoger agua del río Toiro, moribundo cauce a cincuenta minutos de rápido descenso a pie por difíciles caminos y a más de una hora de arduo ascenso. Día tras día, tres veces por día, veintitrés kilogramos a la espalda. Hoy, Aylito lleva ya 23 años en la misma rutina, pero además debe cuidar a sus cuatro hijos y ayudar en las labores agrícolas y de pastoreo a su esposo. Se pensará que sólo llegando al río es cuestión de llenar el porrón, pero esto sería muy fácil, porque es preciso cavar en el seco cauce del río para encontrar algo de agua fangosa y con paciencia llenar poco a poco el porrón a medida que con una pequeña vasija se recoge el líquido.

